GAIASTECH

tecalis

# Presentación de Tecalis Avatar Identity Technology

09.06.2022 | 17:00 – 19:00H | STREAMING E CENTRO GAIÁSTECH

## Cal é o programa?

- Presentación da Tecalis Avatar Identity de verificación de identidade de avatares no metaverso.
- Rogos e preguntas

## Cando e onde?

09 de xuño de 2022
De 17:00 a 19:00H

- **Presencial: Centro GaiásTech** (Edificio Centro de Emprendemento Creativo (CEM), Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela)
- **Streaming**

## Por que?

Transmitir que é e en que consiste a primeira tecnoloxía de identificación de identidade de avatares no metaverso. A fraude de identidade é cada vez máis frecuente en calquera ámbito e espazo tecnolóxico actual, e o eminente metaverso preséntase como un dos espazos que poderán sufrilo facilmente. Este espazo na nube estará marcado polos avatares, as identidades e as novas relacións tecnolóxicas pero, como estaremos seguros de que o outro é quen di ser?

Mediante técnicas avanzadas baseadas en intelixencia artificial e machine learning, realízanse os controis e comprobacións necesarias en tempo real, para proceder á certificación de que ese avatar é quen di ser

## Para quen?

Organizacións, persoas e usuarios interesados en coñecer a primeira tecnoloxía que combate a suplantación de identidade de avatares no metaverso e as súas consecuencias, así como a tecnoloxía que confirma que detrás dese avatar existe unha persoa con identidade verificada.

## Quen imparte?

**Tecalis**

A empresa tecnolóxica galega Tecalis está especializada no desenvolvemento de produto dixital innovador que impulsa a competitividade, os procesos de crecemento, transformación dixital e a produtividade de empresas líderes a nivel mundial. Os seus procesos de verificación biométrica de identidade, KYC e probas de vida avanzadas convertérona en Trust Services Provider (certificado pola Unión Europea) e en líder en tecnoloxía Identity a nivel internacional.